

## INSTRUCCIÓN 1/2008 DA SECRETARÍA XERAL SOBRE RECOÑECIMENTO DE ESTUDOS DAS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS COMO CRÉDITOS DE LIBRE CONFIGURACIÓN

Con data do 20 de xuño de 2005 o Consello de Goberno da USC aprobou novas normas para o recoñecemento de actividades e estudos de idiomas como créditos de libre configuración. O día 24 de xuño dítase a Resolución Reitoral que as fai públicas.

Con data do 3 de outubro de 2005 asínase un convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia co obxecto de estimular o interese pola mellora de coñecementos de linguas, así como do recoñecemento práctico do esforzo do alumnado nese campo.

No apartado 13 das normas da USC dispónse que só se poderán recoñecer os estudos efectivamente cursados, non os estudos validados ou as probas e exames de recoñecemento de nivel.

Nas cláusulas do convenio establécense as equivalencias entre os estudos superados nas Escolas Oficiais de Idiomas e os créditos de libre elección que forman parte do currículo dalgunhas titulacións da USC para os Certificados elemental e de aptitude e para os Certificados de nivel básico, intermedio e avanzado. Indícase igualmente que só terán recoñecemento as certificacións de cada nivel e non os estudos de cursos soltos.

No Real Decreto 967/1988, do 2 de setembro, sobre ordenación das ensinanzas correspondentes ao primeiro nivel das ensinanzas especializadas de idiomas establécese que o ciclo elemental poderá cursarse en réxime oficial ou libre, e aos/as alumnos/as que o superen se lles expedirá a correspondente certificación académica.

Co obxecto de clarificar o procedemento de recoñecemento de créditos de libre elección cando se acredita a superación dun ciclo ou nivel, con independencia da forma de superación, esta Secretaría Xeral resolve ditar a seguinte instrución para a aplicación destes recoñecementos:

**Único.**- Procederá ao recoñecemento de estudos superados nas escolas oficiais de idiomas tanto os cursados na Comunidade Autónoma Galega como os cursados noutra comunidade cando o/a alumno/a acredite ter superado algún dos ciclos ou niveis dos regulados no anexo da Resolución Reitoral do 24 de xuño de 2005, sendo suficiente para estes efectos que se certifique polas Escolas Oficiais de Idiomas os ciclos ou niveis obtidos, con independencia da forma en que foron superados, e non será necesario, polo tanto, requirir certificación dos cursos realizados para a obtención destes ciclos ou niveis de idiomas.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2008

A secretaria xeral

Isabel García-Rodeja Gayoso

SR. VICERREITOR DE OFERTA DOCENTE, E ESPAZO EUROPEO, SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA, SRS. XEFES UNIDADES XESTIÓN ACADÉMICA, SRA. XEFA DA ASESORÍA XURÍDICA, SR. DIRECTOR DO CENTRO DE LINGUAS MODERNAS, SRA. RESPONSABLE DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA, SRES/AS DECANOS/AS E DIRECTORES/AS DE CENTROS